



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Identificación de especies: macroalgas

CONVOCATORIA: 1ª Convocatoria autonómico

GRUPO: Consellería de Mar

ÁREA: Consellería de Mar

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	30
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2024
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	ESPECÍFICO	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 02/03/2024 - 09:00h ao 11/03/2024 - 14:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRINCIÓN CURSO

O curso ten por obxecto formar aos/ás biólogos/as da Consellería do Mar no recoñecemento das especies máis representativas das macroalgas mariñas, e as metodoloxías de estudo destas especies. Consistirá nunha introdución á identificación das principais especies de macroalgas mariñas coa realización de visitas guiadas a intermareais rochosos, así como a identificación en laboratorio con emprego de claves de identificación. A formación completárase con seminarios sobre a evolución das macroalgas, a súa clasificación e zonación, así como outros aspectos da súa bioloxía: ciclos biolóxicos, fenoloxía, reprodución e distribución espacial e temporal. Ademais serán tratados aspectos relacionados coa xestión e o control da explotación destes organismos en Galicia, así como o seu cultivo.

DESTINATARIOS

Persoal técnico que ocupe prazas de biólogo/a de zona ou técnico/a en zonas e instalacións de produción, ou nos centros de investigación da Consellería do Mar, persoal técnico da Consellería do Mar e resto do persoal técnico doutras consellerías.

PROGRAMA

Módulo 1- Bioloxía de macroalgas mariñas
Módulo 2- Identificación de especies de macroalgas mariñas
Módulo 3- Metodoloxías de estudo
Módulo 4- Bases biolóxicas e boas prácticas para a explotación de macroalgas mariñas.
Módulo 5- Xestión e Seguimento da explotación das macroalgas mariñas

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Persoal técnico da Xunta de Galicia, coa seguinte orden de prioridade:

- 1.- Persoal técnico que ocupe prazas de técnico facultativo en xestión dos recursos mariños.
- 2.- Persoal técnico relacionado coa investigación de algas e/ou tramitación dos plans de xestión de algas e/ou técnicas de cultivo e/ou cos datos de vendas en lonxas.
- 3.- Resto do persoal técnico da Consellería do Mar.
- 4.- Resto do persoal técnico doutras Consellerías.
- 5.- Criterios xerais da EGAP.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 19/06/2024 a 26/06/2024

NUM. PRAZAS: 20

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME: 26/06/2024 ás 13:30h

DOCENTES NOMEADOS

Pilar Díaz Tapia

Manuel Antonio Garcia Tasende

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

AULA 14: Os días 19, 20 e 21 de xuño de 09:00 a 14:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

Saídas ao intermareal: 24 e 25 de xuño

Clase no laboratorio da Universidade: 26 de xuño